

# RESOLUCIÓN DE INICIO DO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DE ADXUDICATARIOS DE VIVENDAS PROTEXIDAS DE PROMOCIÓN (PRIVADA) AUTONOMICA

Vista a solicitude de inicio do procedemento de selección de adxudicatarios das vivendas incluídas no expediente de vivenda protexida de promoción privada autonómica de REXIME CONCERTADO núm. P09-VC-0003/12 presentada pola entidade promotora CONSORCIO CASCO VELLO DE VIGO.

Revisada a documentación achegada pola entidade e acreditado o cumprimento dos requisitos establecidos no Decreto 1/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia e a adxudicación das vivendas protexidas, así como das acollidas a programas de acceso á vivenda con axudas públicas (en diante, Decreto 1/2010).

Visto o estipulado nos artigos 32 e seguintes do Decreto 1/2010.

## RESOLVO:

1º Declarar a apertura do procedemento de selección de adxudicatarios no expediente de vivenda protexida de promoción privada de REXIME CONCERTADO núm P09-VC-0003/12

As características da promoción son as seguintes:

Localización: SAN SEBASTIAN 4-6/ SUBIDA AO CASTELO 5-7 - VIGO - Vigo

Forma de acceso: Compra

Estado de execución: rematadas

Número e tipoloxía das vivendas: 10 para quenda Xeral.

SC5 Planta baixa	46.24 m <sup>2</sup>	SC7 Planta baixa	46.24 m <sup>2</sup>	1SC5 1ª planta	67.66 m <sup>2</sup>
1SC7 1ª planta	67.66 m <sup>2</sup>	1SS4 1ª planta	59.16 m <sup>2</sup>	1SS6 1ª planta	56.13 m <sup>2</sup>
2SC5 2ª planta	68.20 m <sup>2</sup>	2SC7 2ª planta	67.70 m <sup>2</sup>	2SS4 2ª planta	59.16 m <sup>2</sup>
2SS6 2ª planta	56.13 m <sup>2</sup>				

Prezo de venda:

SC5 <b>67.048,00 €</b>	SC7 <b>67.048,00 €</b>	1SC5 <b>98.107,00 €</b>	1SC7 <b>98.107,00 €</b>	1SS4 <b>85.782,00 €</b>
1SS6 <b>81.388,50 €</b>	2SC5 <b>109.120,00 €</b>	2SC7 <b>108.320,00 €</b>	2SS4 <b>94.656,00 €</b>	2SS6 <b>89.808,00 €</b>

Forma de pago:

20% entrada + 80% préstamo.

2º Outorgar ás persoas interesadas que, á data desta resolución de inicio, estean inscritos e anotados no rexistro de demandantes de vivenda protexida no réxime, forma de acceso e localidade desta promoción, un prazo de quince días hábiles, contados dende o seguinte ao da derradeira publicación desta resolución de inicio, para solicitar a súa inclusión no procedemento de adxudicación, segundo o modelo que se xunta como anexo, nos termos do disposto no artigo 35 do Decreto 1/2010. Non se admitiran solicitudes non axustadas ao modelo anexo.

A presentación de solicitudes implica a renuncia a calquera outro procedemento de adxudicación de vivendas de (promoción) autonómicas non resolto no que o interesado figurase como reserva (de conformidade co artº 39.2 do Decreto 1/2010)

Pontevedra, 12 de xaneiro de 2015.

O Xefe Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

Asdo.: José Luis Díez Yáñez